CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Interpreta o funcionamento e identifica as estruturas que comprende o sistema inmunitario, recoñece o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explica conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos e interpreta a información obtida en diferentes formatos con actitude crítica.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolve cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localiza, selecciona e organiza información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expón preguntas e hipóteses e intenta realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñece a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas e mantén unha actitude escéptica ante estes.	TI	10
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseña e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presenta as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) e interpreta os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Coopera dentro dun proxecto científico, asume responsablemente unha función concreta, utiliza espazos virtuais cando sexa necesario, respecta a diversidade e a igualdade de xénero e favorece a inclusión.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valora a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destaca e recoñece o o papel das mulleres científicas e entende a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analiza conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade e interpreta información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantén unha actitude crítica e obtén conclusións fundamentadas		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñece a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> </ul>

## Contidos

- Riscos naturais:
- Definición e clasificación.
- Análise e planificación.
- Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:
- Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.
- Tipos de erupcións volcánicas.
- Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.
- Enfermidades infecciosas e non infecciosas:
- Diferenciación en base á súa etioloxía.
- Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas.
- O uso adecuado dos antibióticos.
- Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo.
- Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas.
- Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana.
- Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

- Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinabilidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos de Bioloxía e Xeoloxía e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor científico e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Funcionalidade: fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

#### \* Estratexias Didácticas:

A forma metodolóxica queda, a xuízo do profesorado, en consonancia co propio carácter, a concepción do ensino e as características do seu alumnado.

Non obstante, resulta convinte utilizar estratexias didácticas variadas, que combinen, do xeito en que cada un considere máis apropiado, as estratexias expositivas, acompañadas de actividades de aplicación e das estratexias de indagación.

As estratexias expositivas.- Preséntalle ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Resultan adecuadas para as formulacións introdutorias e panorámicas e para ensinar feitos e conceptos; especialmente aqueles máis abstractos e teóricos, que dificilmente o alumnado pode alcanzar só

con axudas indirectas.

Esta estratexia débese acompañar da realización por parte do alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, que posibiliten o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe.

As estratexias de indagación.- Preséntalle ao alumnado unha serie de materiais en bruto que debe estruturar, seguindo unhas pautas de actuación. Trátase de enfrontalo a situacións problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes para así adquirilos de forma consistente.

O emprego destas estratexias está máis relacionado coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que tratan de poñer o alumnado en situacións que fomenten a súa reflexión e poñan en xogo as súas ideas e conceptos. Tamén son moi útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores.

\*Tipos de actividades:

As actividades programadas responden a unha tipoloxía variada que se encadra dentro das categorías seguintes:

Actividades de ensinanza-aprendizaxe. A esta tipoloxía responde unha parte importante das actividades formuladas no libro de texto. Encóntranse nos apartados seguintes:

- En cada un dos grandes subapartados nos que se estruturan as unidades didácticas propóñense actividades ao fío dos contidos estudados. Son, xeralmente, de localización, afianzamento, análise, interpretación e ampliación de conceptos.

- Ao final de cada unidade didáctica propóñense actividades de definición, afianzamento e síntese de contidos.

- Actividades de aplicación dos contidos teóricos á realidade e ao ámbito do alumnado. Este tipo de actividades, nuns casos, refírense a un apartado concreto do tema e, polo tanto, inclúense entre as actividades formuladas ao fío da exposición teórica; noutros casos, presentanse como interpretación de experiencias, ou ben como traballos de campo ou de indagación.

- Actividades encamiñadas a fomentar a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia, a solidariedade...

Por outra parte, as actividades programadas presentan diversos niveis de dificultade. Desta forma permiten dar resposta á diversidade do alumnado, posto que poden seleccionarse aquelas máis acordes co seu estilo de aprendizaxe e cos seus intereses. A dificultade pode apreciarse no propio enunciado da actividade: localiza, define, analiza, compara, comenta, consulta, descubre, recolle información, sintetiza, aplica, etc. A maioría corresponden a un nivel de dificultade medio ou medio-alto, o máis apropiado para un curso de 3º eso.

A corrección das actividades fomenta a participación do alumnado na clase, aclara dúbidas e permítelle ao profesorado coñecer, de forma case inmediata, o grao de asimilación dos conceptos teóricos, o nivel co que se manexan os procedementos e os hábitos de traballo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Editorial Santillana , edición de 2022.
Aula Virtual
Webs
Artículos de prensa, revistas, vídeos
Biblioteca do Centro

Estes recursos utilízanse coa finalidade para que os alumnos visualicen, aprendan e asimilen os coñecementos ; así como ser autónomos na busca de información e poder argumentala con argumentos coherentes.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba escrita baseada nos contidos dos primeiros días da clase pois a materia de 3º eso, non se corresponde apenas coa materia impartida en 1º eso

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	81	82	90	<b>84</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	19	18	10	<b>16</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación :

As cualificacións para cada avaliación dos alumnos terán en conta:

1. As cualificacións obtidas nas probas escritas, a lo menos dúas por avaliación ( só temos dúas sesións semanais ) representan ata o 90% da nota.

- No caso de acadar menos dun 3,5 no 1º exame , o alumnado examínase no segundo exame desa 1ª parte da materia xunto a segunda parte da materia da avaliación. A nota do segundo exame, representa o 90% da nota da avaliación.

- Os alumnos que acaden máis dun 3,5 no 1º exame calcularase a nota media ponderada coa nota do segundo exame .

.2. Traballos diarios ou semanais obrigatorios propostos con ou sen exposición oral, representan o restante 10%. Cando se pida algún destes traballos para cada avaliación fixéranse prazos de entrega que deberán ser respectados para obter cualificación positiva.

Nos grupos e/ou nas avaliacións nas que o profesorado non solicite a realización dalgunha destas actividades, a cualificación establececese unicamente coa nota media ponderada das probas escritas.

Se durante o tempo de exame , calquera alumno ou alumna utiliza chuletas , teléfono móbil ou calquera dispositivo electrónico se lle retirará nese intre o exame , quedando coa nota = 0 . Esta nota terase en conta para o cálculo da nota de calquera das avaliacións ou para a nota final da proba de Xuño , ou si se dera o caso na proba extraordinaria de Xuño .

En resumo, para cada avaliación:

- O 90% reflectirá os resultados dos exames realizados, o restante 10% corresponde a traballos escritos e orais propostos obrigatorios a diario e/ou semanais (se non se piden nalgunha avaliación , a nota media ponderada dos exames serán o 100% da cualificación de avaliación).

- Cada avaliación quedará aprobada cunha nota mínima de 5 , resultado das porcentaxes indicadas anteriormente nos puntos 1 e 2.

A cualificación da avaliación final será a acadada tralo cálculo da nota media ponderada das tres avaliacións , redondeando ó número enteiro máis próximo.

### Criterios de recuperación:



Realizarase unha proba escrita de recuperación correspondente a 1ª e/ou 2ª avaliacións. Cada proba versará sobre a totalidade da materia que corresponde a cada avaliación non superada. Non haberá recuperación da materia correspondente a 3ª avaliación naqueles casos que teñan 1ª e 2ª avaliación sen recuperar (nestes casos a nota da materia correspondente a 3ª avaliación formará parte do cálculo da media ponderada correspondente as tres avaliacións - calculada coa nota das recuperacións -)

O profesorado valorará e decide se entregar un boletín de exercicios para preparar a materia de cara a proba extraordinaria de Xuño.

A cualificación da avaliación do exame extraordinario de Xuño, estará ponderada do seguinte xeito:

- O boletín de actividades entregaráselle ao docente nunha data previa á proba, e suporá un 10% da nota. Se este boletín non se lle entregara ao alumnado, súa porcentaxe, pasará a sumar na nota do exame escrito.

- A proba escrita suporá o 90% da cualificación da avaliación..

A cualificación calcularáse redondeando a nota ponderada ao número enteiro máis próximo.

En resumo o alumnado que non acadara o 5 de nota media ponderada das tres avaliacións, realizarán unha proba extraordinaria no mes de Xuño de toda a materia. Para superar a materia será necesario sacar un 5 tralo cálculo indicado no párrafo anterior.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que cursen 3º ESO ou 4º ESO coa materia de Bioloxía e Xeoloxía pendente de 1º ESO e/ou 3º ESO, realizarán tres exames escritos, nos que dividimos a materia traballada o curso pasado. Cada exame se cualificará respecto a 10. A nota do aprobado de cada exame será 5 sen redondeo e calcularase a nota media dos tres exames. Os exames levarán indicada a puntuación de cada pregunta. No caso que se utilicen durante a realización de cada exame: chuletas ou móbil, ou calquera dispositivo electrónico, será motivo suficiente para que o docente lle retire o exame que se cualifica cun cero.

O alumnado que non supere a materia, habendo realizado os exames repartidos en cada unha das avaliacións, realizarán un exame final da materia e deben acadar un 5 par superar a materia

Para aprobar a materia pendente, a nota final será o resultado de calcular a media aritmética das tres probas parciais que deberá chegar ao cinco sen redondeo.

MATERIA PENDENTE comentada por CURSOS:

- Alumnado coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO pendente, prepararán a materia indicada a continuación: :

Exame 1:

A ATMOSFERA E A HIDROSFERA. INTERACCIÓNS COA BIOSFERA E COA XEOSFERA

1. A atmosfera. Composición e estrutura

2. A Hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e Ciclo da auga

3. Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. Seu papel na edafoxénese no modelado do relevo. As funcións do solo.

A CÉLULA:

1. Definición, estrutura, funcións tipos

2. Funcións vitais

3. Os virus: definición, estrutura, características, función

Exame 2 :

1. A Biosfera. Definición, características.

2. Diferenciación e clasificación dos 5 reinos

3. Principais grupos taxonómicos. Clasificación, características.

4. O proceso evolutivo. Selección natural e adaptacións ao medio

Exame 3:

1. Os ecosistemas: definición, tipos. Factores bióticos e Abióticos. Relacións: intraespecíficas e interespecíficas.

2. Importancia de conservar os ecosistemas, modelo de desenvolvemento sostible.

3. Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.

4. Importancia da adquisición de hábitos sostibles

Alumnado, coa Bioloxía e Xeoloxía pendente de 3º ESO:

Exame 1

U1. Organización do corpo humano

U2.. Alimentación e nutrición: a dieta. Enfermidades asociadas

U3. Función de nutrición I: aparellos dixestivo e respiratorio / Funcións: Os procesos de dixestión, e respiración.

Enfermidades asociadas

Exame 2

U4. Funcións de nutrición II: aparellos circulatorio e excretor / Funcións : Os procesos de circulación e excreción.

Enfermidades asociadas

U5 Órganos dos sentidos . Enfermidades asociadas .

Exame 3:

U 6 Sistemas de Relación : O S. Endócrino ( anatomía e funcionamento ). Enfermidades asociadas

U 8 A Reproducción no ser Humano : Anatomía e funcionamento . Enfermidades de Transmisión Sexual

## 6. Medidas de atención á diversidade

De acordo co departamento de orientación os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo utilizarán material adaptado e a avaliación estará baseada principalmente polo traballo realizado na aula. Por outra banda, poderán realizarse actividades de avaliación cun peso inferior ao 20% da nota. Estas actividades serán deseñadas de xeito específico en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...),

Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso van máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para a saúde: tratarase a saúde nas súas diferentes dimensións: física, psíquica e social. A saúde física e psíquica está presente nas unidades referentes ao estudo da fisioloxía humana, facendo especial incidencia na adquisición de hábitos saudables.	X	X	
ET.2 - Educación sexual: tratarase a fisioloxías da sexualidade, desenvolvendo hábitos saudables e a aceptación de si mesmo e dos demais. Coñecerán os métodos anticonceptivos e as ETS. Educación para a igualdade entre as persoas de distinto sexo e cultura: Realizaranse actividades concretas para resaltar a igualdade entre sexos , e unha actitude crítica ante distintas fontes de información.		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Educación moral e cívica: potenciarase a valoración do esforzo, o rigor e o sentido crítico, que posibilitan o desenvolvemento dunha adecuada actitude moral e cívica no alumno. A valoración do traballo ben feito fomentar o crecemento da autoestima e do sentido ético-moral das accións, o que lle serve ao alumno para tomar decisións dunha forma autónoma e crítica.	X	X	X
ET.4 - Educación ambiental: Promoverase no alumno o coñecemento do medio de forma que sexa capaz de respectalo, gozalo e para que poida realizar un aproveitamento racional do mesmo.	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Museos Científicos Coruñeses (Domus + Aquarium Finisterrae).	A principal finalidade é observar e aprender aspectos da anatomía e fisioloxía humanas		X	

### Observacións:

Habitualmente solicitámolo para finais de Xaneiro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro		
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico		
-Materiais utilizados	-Adecuación da planificación.	-Motivación

### Descrición:

-Os Materiais utilizados: son accesibles ao alumnado, permiten a manipulación e interactividade, son atractivos, suficientes, etc.

- Adecuación da planificación: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, fundamentación nos intereses do alumnado, grao de definición dos obxectivos, propostas de aprendizaxe colaborativo. Isto permite certas actividades, modificar outras ou directamente suprimilas para a planificación de aula do curso seguinte. Moitas destas modificacións vanse realizando durante o mesmo proceso e adáptanse por exemplo nas aulas virtuais das distintas materias impartidas.
  - Motivación: conseguir motivar ao alumnado e despertar súa curiosidade; crearanse conflitos cognitivos e ofrecese axuda para progresar no desenvolvemento dos seus esquemas cognitivos, perseguese a participación activa da maioría ou a totalidade do alumnado,...
- O contacto e implicación das familias e proxectos interdisciplinarios están presentes; aténdese adecuadamente ao alumnado con necesidades de apoio específicas, valorase o funcionamento das adaptacións curriculares aprobadas,...

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Nos últimos días de cada curso e as primeiras semanas do curso seguinte farase unha avaliación da programación para conseguir alcanzar mellor os obxectivos propostos. As contribucións para realizar unha mellora poden xurdir en cada conversación entre compoñentes do departamento, que se poderán comentar posteriormente en reunións formais.

Trátase de avaliar os seguintes aspectos:

- Temporalización: revisión e proposta de axustes para os anos vindeiros á luz dos resultados acadados.
- Contidos: adecuación do enfoque e das propostas de traballo
- Actividades e traballos: revisarase avaliando o grao de participación dos alumnos e os resultados.
- Criterios de avaliación: avaliaranse o resultado das distintas ferramentas empregadas (probas, traballos propostos, actividades...).
- Atención aos alumnos pendentes: avaliarase o rendemento e os resultados dos alumnos pendentes.
- Adecuación da metodoloxía segundo os resultados da avaliación diagnóstico.

## **9. Outros apartados**